

PAUTAS PARA PARTICIPAR NO SERVIZO DE RESPIRO FAMILIAR

Informámoslle de que debido ao problema sanitario que estamos a vivir nestes momentos, dende o servizo de respiro familiar de FADEMGA Plena inclusión Galicia **NON PODEMOS GARANTIZAR** que os participantes no mesmo non se vaian a contaxiar co COVID-19.

Para tentar evitalo por todos os medios, tomaremos as precaucións e medidas de hixiene máis estritas posibles.

Para iso teremos en conta as seguintes pautas durante o servizo:

1. Todo o persoal traballador de FADEMGA irá provisto de máscara e careta se fose preciso. Os guantes utilizaráos cando sexa necesario (aseo, comidas...), pero xa sabemos que non evitan contaxios, posto que se tocamos a unha persoa cun guante infectado é igual que se o facemos sen el.
2. Durante a estancia dispoñemos de xel hidroalcohólico e, tanto as persoas traballadoras como as participantes lavaremos as mans dunha forma frecuente.
3. En cada furgoneta irá un máximo de 6 persoas, 2 por fila, procurando evitar o contacto entre elas.
4. Levaremos un desinfectante para utilizar en portas e manillas dun xeito frecuente.
5. As furgonetas desinfectaranse entre estancias.
6. FADEMGA realizará o transporte, recollida e devolución das persoas participantes, no seu domicilio ou nun punto de encontro na localidade de residencia para facilitar os desprazamentos e evitar xuntar a máis dunha familia.
7. Todas as habitacións serán dobres, de xeito que se reduzan os contactos entre persoas.
8. Tomaráselle a temperatura de forma diaria a todas as persoas participantes. Se algunha persoa tivese febre ou outros síntomas, procederemos a informar ás instancias sanitarias e seguiremos as súas instrucións.
9. Durante a realización de actividades evitaremos os sitios concorridos e onde non se poidan manter as distancias de seguridade.

Respecto ás persoas participantes:

- 1 A familia deberá responsabilizarse de que o/a participante non ten nin tivo nos últimos 15 días febre nin ningún síntoma compatible co COVID.
- 2 Deberán vir provistos de máscaras suficientes para toda a estancia. Sabemos que algunhas persoas non as van a utilizar, pero si aquelas que poidan facelo.
- 3 Deberán traer suficiente roupa para non ter que repetila ningún día (pode ser unha fonte de contaxio) e debe vir en adecuadas condicións hixiénicas (recen saída da lavadora).
- 4 Tamén é convinte que volva á lavadora en canto chegue á casa.

Por último, e como recomendación xeral, non deberían participar no servizo persoas de risco ou que convivan con persoas de risco (diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída a hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo...).

ENQUISA DE SAÚDE

Debido a situación extraordinaria xerada polo COVID-19, para evitar o seu risco e o de todas as persoas tal e como nos solicitan as autoridades sanitarias, necesitamos comprobar contigo a seguinte información relativa a túa saúde.

- Sufriches febre (>37,5 °C) arrefriado, tose seca, dificultade respiratoria, dor muscular ou dor de cabeza nos últimos 14 días?
 SI NON
- Estiveches en contacto con persoas con estes síntomas nos últimos 14 días?
 SI NON
- Estiveches en contacto con persoas positivas en COVID-19 nos últimos 14 días?
 SI NON

Protocolo de actuación ante o COVID-19

Polas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento

Lida e comprendida esta información, eu, D./Dna. _____
_____, con D.N.I. _____ como
usuario/a dou conformidade a ditas medida de seguridade e responsabilízome de
que os datos da enquisa son certos.

Lida e comprendida esta información, eu, D./Dna. _____
_____, con D.N.I. _____ como
pai/nai/familiar/titor/a legal (especificar) _____ de _____
dou conformidade a ditas medida de seguridade e responsabilízome de que os
datos da enquisa son certos.

Sinatura:

Santiago, ____ de _____ de 20__